



COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior
dos altos cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 26 de xaneiro de 2018 (10:30H)

Señor Presidente, señorías:

De conformidade co Código ético institucional que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, comparezo novamente para dar conta das mesmas durante o segundo semestre do pasado ano 2017.

Deste xeito, inicio a miña exposición informando dos desprazamentos exteriores do Presidente da Xunta de Galicia.

Neste período, o **Presidente** desprazouse oficialmente a Francia, ao Reino Unido e a Portugal. Observarán daquela como o Presidente ven atendendo con regularidade a presenza institucional na República veciña. Sen ir máis lonxe, o pasado 18 de abril, xirara unha visita institucional a Porto, convidado polo seu alcalde, Sr. Rui Moreira, e pola Associação Comercial do Porto; asemade, o 15 de maio, tornou a Portugal, concretamente a Braga, co gallo do XI Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, da que asumiu tamén a súa Presidencia.

Pois ben, no último período semestral, o Presidente viaxou a Vila Real para aceptar o Doutorado Honoris Causa pola Universidade de Tras os Montes e Alto Douro. Alí aproveitou para avogar por seguir avanzando cara á consecución dunha Eurorrexión eficiente, vertebrada e comprometida co crecemento e coa dinamización demográfica. Tamén por apostar polo fomento e o desenvolvemento de proxectos a prol da innovación e a competitividade empresarial, tal e como marcan as liñas estratéxicas das institucións comunitarias. Asemade propuxo a proxección da Eurorrexión cara ao exterior, tanto na captación de investimentos alleos, como no desenvolvemento dunha estratexia exterior no eido cultural e empresarial. Para rematar, lembrou a importancia de manter unha competencia leal entre Galicia e o Norte de Portugal, que faga que sexamos complementarios e que o crecemento dun implique á par o crecemento para o outro.

Con anterioridade o Presidente viaxara a París, o 9 de outubro de 2017, co gallo dunha visita ás instalacións de PSA. Como sen dúbida saben as súas señorías, o novo modelo de vehículo que fabricará a planta de PSA en Vigo suporá para o sector a creación de máis de 1.500 postos de traballo cara ao 2020. Un emprego adicional máis cualificado, para o que desempeñará un papel importante a formación e capacitación dos traballadores que van operar cunha tecnoloxía máis avanzada, que contará co apoio da Xunta de Galicia.

Durante a visita, o Presidente galego –acompañado polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria- reuniuse co presidente do grupo galo, Carlos Tavares, para

constatar o interese mutuo por reforzar a competitividade e a eficiencia do sector da automoción en Galicia. Un sector estratéxico que ocupa a 20.000 traballadores na Comunidade, que supón o 12% do emprego industrial en Galicia e que xera unha cifra de negocio de máis de 8.300 millóns de euros ao ano. Desta maneira, puido coñecer de primeira man a marcha do último proxecto asignado á planta de Vigo, o novo modelo de vehículo que se fabricará en Balaídos a partir de 2020. Así como afondar, tamén, noutros plans que PSA desenvolve en Galicia no ámbito da innovación.

Nesta liña, o responsable do Goberno galego incidiu en que o novo proxecto reforzará a actividade da planta de Vigo, que xa está rexistrando unha mellora grazas ao aumento de produción dos actuais Berlingo e Partner; e tamén grazas ao incremento que vai traer consigo a fabricación en serie do modelo K9, prevista a partir do primeiro trimestre de 2018. E iso significa que estes novos modelos asinados nestes anos van situar a factoría de Citroën en Vigo como un dos centros con maior produción do Grupo PSA en Europa.

Ademais de coñecer os pormenores do proxecto, na xuntanza abordouse o pulo que a multinacional quere seguir dando á innovación no seu centro de Vigo. Ao respecto, o Presidente da Xunta valorou a intención do grupo de seguir investindo en Galicia para o desenvolvemento de novas tecnoloxías no sector da automoción. E seguir, polo tanto, consolidando a alianza PSA-Xunta-CTAG-Clúster da Automoción, que xa permitiu fitos tan importantes como o primeiro coche autónomo, os últimos proxectos adjudicados á factoría de Balaídos e que a planta de Vigo sexa un paradigma de fábrica intelixente.

O 16 de novembro, o Presidente desprazouse a Cardiff, para participar na conferencia *A cooperación europea máis alá do Brexit*, que analizou o impacto que terá nas comunidades da Europa periférica e marítima a saída do Reino Unido da Unión Europea. A xornada foi inaugurada polo Ministro Principal de Gales, Carwyn Jones, e contou coa presenza de representantes de institucións rexionais de toda Europa. Neste encontro, os representantes galés e galego asinaron a *Declaración de Cardiff*, un documento aprobado pola Asemblea Xeral da Conferencia das Rexións Periféricas e Marítimas de Europa, e que recolle o posicionamento e as reivindicacións destas rexións ante o Brexit.

A presenza do presidente da Xunta é unha mostra máis do papel activo que está a ter Galicia a nivel europeo, co propósito de defender os seus intereses durante as negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido, e ante o novo escenario que se abrirá cando estas rematen. Boa proba desta implicación é que Galicia liderou un grupo de traballo específico sobre o Brexit entre as rexións do Arco Atlántico no seo da CRPM. Nos esforzos de Galicia ten prioridade a defensa do noso sector marítimo-pesqueiro ante as incertezas que supón o abandono británico.

Pola súa banda, o **Vicepresidente da Xunta** viaxou a Arxentina, entre o 6 e o 11 de outubro, acompañado polo secretario xeral da Emigración, onde realizou unha visita institucional co obxectivo de manter o contacto coa situación e as demandas da colectividade galega residente no país. Durante a estada, ambos representantes do Goberno galego asistiron aos actos de celebración do *“Bos Aires celebra Galicia”*, que un ano máis congregou a miles de galegos ao longo da avenida de Maio. Participaron na inauguración das xornadas gastronómicas *“Obradoiro de sabores”*, que puxeron en valor a cociña galega e os produtos da Comunidade Autónoma; e visitaron o Centro Galego de La Plata, punto de encontro da nosa colectividade. No ámbito desta visita institucional a Arxentina foron entregadas as *Compostelas* aos participantes do

programa “Conecta Galicia 2017”, dirixido a descendentes de galegos para que poidan visitar a nosa Terra.

Noutra orde, a **Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, acompañada pola súa Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, viaxaron a Copenhague entre o 27 e o 30 de agosto, para asistir á conferencia anual sobre o clima (CPH Climate Solutions 2017). Ademais, mantiveron encontros de traballo con representantes políticos da cidade, que se converteu nun referente mundial pola súa aposta por un modelo urbano sostible.

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria –que como xa dixen, acompañou ao Presidente a París- viaxou a México entre o 15 e o 17 de novembro, xunto co Secretario Xeral da súa Consellería, e en concreto a Cidade de México e Puebla, co obxectivo de consolidar as relacións comerciais e abrir novas oportunidades de investimento. Deste xeito, mantivéronse contactos institucionais coas autoridades mexicanas, avaliando diferentes iniciativas. Acompañou a unha misión comercial con preto dunha vintena de empresas galegas vinculadas ao sector *contract*, centrado no equipamento de edificios, para reforzar a súa posición no país, e assistiu ao acto do X aniversario da Unión Mexicana de Empresarios Galegos (Umegal). Tamén visitou as instalacións da empresa da automoción Viza, e celebrou unha xuntanza coa Asociación Mexicana da Industria Automotriz, acompañando ao CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia).

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria viaxou a Nova York entre o 21 e o 24 de setembro, na compañía do Secretario Xeral de Cultura e do Reitor da Universidade de Vigo, para materializar coa Morgan Library o empréstimo do Pergamiño Vindel. Asemade desprazouse a México entre o 23 e o 26 de novembro, para asistir a Conferencia internacional Anuies - Asociación Nacional de Universidades e Instituciones de Educación Superior, da República Azteca-, e á feira do libro de Guadalajara. Esta Asociación aglutina a 191 universidades e institucións mexicanas de educación superior, tanto públicas como privadas. A tal efecto foi acompañado polo Secretario Xeral de Universidades e polos tres reitores das universidades galegas, que asistiron á sinatura do correspondente Memorándum de Entendemento, a prol de apoiar o proceso de recoñecemento mutuo de títulos académicos e promover o intercambio de profesores, especialistas e estudantes.¹

O Conselleiro de Política Social desprazouse a Sochi do 18 ao 21 de outubro, na Federación Rusa, para asinar un Memorando de Entendemento co Consello Nacional da Mocidade de Rusia, co propósito de desenvolver a colaboración entre diversas organizacións de mozos rusos e galegos mediante programas de voluntariado, todo elo inscrito no XIX Festival Mundial dos mozos e estudantes. Preténdese así mellorar a súa inclusión social, reforzar o diálogo intercultural e afondar na cooperación multilateral.

A **Conselleira do Medio Rural** viaxou a Bruxelas entre o 18 e o 19 de setembro coa Directora Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, para presentar o posicionamento de Galicia fronte á Política Agraria Común post 2020, e mailo denominado “*Europa hub*” de innovación dixital para o noso sector agroalimentario. Tamén se ocupou da consolidación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Asemade avanzou a liña de axudas para razas autóctonas en risco de extinción.

¹ <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/23729>



A **Conselleira do Mar** tivo tres viaxes a Bruxelas durante o referido segundo semestre de 2017. Concretamente do 26 a 27 de xuño, do 17 ó 18 de xullo e do 11 ó 13 de decembro. No primeiro dos casos para intervir no Foro da Cohesión, como relatora, e nos outros dous para intervir no Consello de Ministros de Pesca. Con este mesmo obxectivo viaxou a Luxemburgo do 8 ó 10 de outubro, por trasladarse alí a reunión do devandito Consello de Ministros de Pesca. A maiores viaxou do 11 ó 13 de outubro a Tallín (Estonia), xunto coa Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, para intervir como relatora nunha xuntanza sobre o Fondo europeo Marítimo e da Pesca.

Como xa ven sendo costume, non se consideran exteriores as **viaxes a Portugal**, por ser tan recorrentes e xeralmente ligadas a xuntanzas ordinarias de traballo por mor da cooperación transfronteiriza ou da execución de comúns proxectos europeos. Sen embargo, de entre estas viaxes a Portugal cómpre destacar pola súa singularidade a viaxe do Director Xeral de Ordenación Forestal a Lisboa, o 10 de novembro, onde asistiu a unha xuntanza convocada polo Primeiro Ministro portugués para explicarlle o modelo operativo de extinción de lumes forestais de Galicia, enmarcada na solidariedade recíproca e absoluta que mantemos cos nosos parceiros lusos, máxime en asuntos tan vitais como este.

Pasando ao **segundo nivel da Administración autonómica** nas viaxes oficiais alén de Portugal, comezo na orde protocolaria polo **Secretario Xeral de Emigración**, que por mor das súas obrigas ordinarias viaxou dúas veces a Arxentina e Uruguai, concretamente en xullo e outubro (do 6.X ao 9.X), a Venezuela do 17 ao 20 de setembro e do 23 ao 24 de novembro, a Chile do 10 ao 12 de novembro, e finalmente a Cuba, do 30 de novembro ao 5 de decembro. Alí mantivo encontros con representantes das entidades galegas, do Goberno español e do Goberno cubano, especificamente coas colectividades da Habana, Pinar del Río e Santiago de Cuba; tamén participou nos actos de conmemoración do 110 Aniversario do Himno Galego e nun concerto homenaxe aos 100 anos do pasamento do músico galego José Castro González, “Chané”.

A **Directora da Axencia de Turismo de Galicia** viaxou por asuntos sempre relacionados coa promoción turística do noso país a Bruxelas, o 27 de setembro; a Londres do 6 ao 7 de novembro; e a Colombia (Santiago de Cali) entre o 21 e o 26 de novembro, co gallo do IV Congreso Internacional Calidad Turística

No que a min mesmo atinxe, como **Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE**, a maioría dos desprazamentos ordinarios foron a Bruxelas, cadrando con asuntos a desenvolver no Comité das Rexións e por conta del, agás desprazamentos puntuais fóra da sé bruxelense, como o desenvolvido en Caen, o 21 e 22 de setembro, convocado pola Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do CdR (CIVEX).

Fóra do común foron as viaxes a Cardiff co Presidente da Xunta, xa reportado, e o singular no eido da cooperación ao desenvolvemento a Guatemala, do 4 ao 9 de novembro. Neste país a cooperación galega está colaborando con ONGDs como Arquitectura Sen Fronteiras (ASF), Asociación PROYDE (Promoción y Desarrollo) e Farmamundi, en proxectos sobre habitabilidade, saneamento, saúde, educación, prevención de riscos e desenvolvemento comunitario. Así mantiven encontros coas mulleres beneficiarias dos proxectos de habitabilidade de ASF, nos que se dotou de vivendas dignas a mulleres viúvas e nais solteiras das comunidades máis vulnerables do departamento costeiro de Retalhuleu. Todas elas son de orixe indíxena, que tiveron

que desprazarse das zonas máis montañosas á costa polo conflito armado que viviu o país ata 1996 e comezar o seu proxecto vital desde cero.

Na **Consellería de Facenda**, a **Interventora Xeral da Xunta** desprazouse a Tallín (Estonia) do 24 ao 27 de setembro, para participar na XXVI reunión anual de auditores europeos.

Na **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, a **Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático** viaxou a Tbilisi (Georgia), do 21 ao 24 de setembro, para asistir ao arranque do irmandamento (*twinning*) liderado pola Xunta de Galicia, coa participación do Embaixador da Delegación Especial da UE en Xeorxia, da Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIIAPP, dependente do Ministerio de AA.EE. Español), así como de autoridades ambientais de Holanda, República Checa e a República de Xeorxia como Estado beneficiario, tendo por obxecto a implementación neste último da inspección ambiental, de conformidade coa Directiva de emisións industriais no Estado beneficiario. Asemade viaxou a Bonn do 15 ao 17 de novembro, para participar na XXIII Conferencia das Partes da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático.

Polo que atinxe á **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, o **Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral** viaxou a Bruxelas entre o 19 e 20 de outubro, para asistir á Conferencia “*Garantía xuvenil en España: Perspectivas de futuro*”, organizada pola Comisión Europea. Alí se delimitaron propostas para facilitar a integración sustentable dos mozos no mercado laboral.

O **Director Xeral do IGAPE** estivo en San Petersburgo o 18 de setembro, para acompañar á misión comercial do sector naval galego, integrada por un total de trece empresas e organizada por Aclunaga e a Cámara de Comercio da Coruña, ao abeiro do plan Foexga financiado pola Xunta. O 20 de setembro estivo en Poissy (Francia) co propósito de acompañar a empresas participantes na *Business Factory Auto*, seleccionadas por PSA para presentar no *Booster Day* os seus proxectos. Os emprendedores galegos seleccionados na *Business Factory Auto -Ingeniería y Control Merasys e Situm Technologies-*, tiveron oportunidade de coñecer a expertos e pasar a formar parte do ecosistema de innovación do grupo PSA. Ademais visitaron as instalacións de *EuraTechnologies*, na área metropolitana de Lille, unha das aceleradoras tecnolóxicas máis importantes de Europa, que agrupa a centos de axentes do mundo da educación superior e da investigación no eido das TIC.

A **Directora Xeral de GAIN** –Axencia Galega de Innovación–, desprazouse a Ushuaia (Arxentina) entre o 21 e o 24 de novembro, para asistir como relatora á III Asemblea Extraordinaria da Comisión Latinoamericana de Aviación Civil (CLAC), invitada pola directora do Instituto Panamericano de Aviación Civil (IPAC). Presentou daquela o polo tecnolóxico e industrial de Rozas como caso de éxito para o desenvolvemento do sector dos vehículos non tripulados (UAV) para uso civil. Como resultado, Galicia colaborará cos gobernos e institucións de América Latina e o Caribe no fomento destes dispositivos para mellorar a prestación de servizos públicos e no desenvolvemento da industria aeroespacial de drones, a través do memorando asinado co IPAC.

Pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, o seu **secretario xeral Técnico** viaxou a Xerusalén do 22 a 26 de outubro, convidado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes, para asistir ao seminario para o estudo

do Holocausto no curriculum de secundaria. A **Directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia** viaxou do 15 a 23 de xullo a Tokio, para a inauguración da exposición fotográfica de José Suárez no Instituto Cervantes² desa capital. O **Secretario xeral de Cultura** viaxou do 1 ao 3 de outubro a Roma, para asistir á exposición “Remover Roma con Santiago”.

Da **Consellería do Medio Rural**, a súa **Secretaría Xeral** viaxou a Bruxelas do 26 ao 27 de xuño, para participar no Padroado da Fundación Galicia Europa; e o 16 de novembro, a **Directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias** estivo igualmente en Bruxelas, para asistir á Conferencia de directores de organismos pagadores e de coordinación da PAC. Pola súa banda, o **Director Xeral de Desenvolvemento Rural** viaxou a Budapest, do 3 ao 5 de outubro, para participar na xuntanza da rede LandNet da FAO. Alí tratouse a política de xestión de terras como ferramenta esencial para o desenvolvemento das zonas rurais.

Na **Consellería do Mar**, a **Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** estivo en Bruxelas entre o 10 e 11 de xullo (para unha Xuntanza coa DG MARE - Autoridade Portuaria de Vigo, como Representante da Consellería); tamén do 25 a 26 de setembro (Seminario sobre stocks pesqueiros); o 11 de outubro (na Fundación Galicia Europa); do 14 ao 15 de novembro (Seminario DG MARE obrigación de desembarque. Intervención como relatora invitada Comisión Europea); e do 10 ao 13 de decembro (para apoio no Consello de Ministros UE sobre TAC e cotas). A maiores, esta Directora Xeral viaxou a Hong Kong, entre o 4 e o 8 de setembro, para asistir á Feira Seafood Expo Asia. Tamén a Colonia, entre o 8 e o 10 de outubro, (Feira ANUGA da alimentación) e a Cabo Verde entre o 18 e o 21 de outubro, para asistir á Expo Mar de Mindelo.

O presidente de **Portos de Galicia** viaxou ao Reino Unido, concretamente a Southampton e Londres, entre o 10 e o 11 de setembro, para asistir á feira “Boat show” e para promocionar a náutica deportiva e por escalas con Turespaña. Tamén estivo en La Rochelle o 29 de setembro, para asistir á Feira *Grand Pavois*, e en París o 9 de decembro, no Salón Náutico da capital francesa.

Non podo rematar esta exhaustiva exposición de viaxes oficiais sen realizar antes unha referencia ao que vai supor neste eido a aprobación da **Estratexia Galega de Acción Exterior, Horizonte post 2020**.

En primeiro lugar debo agradecer o respaldo e voto de confianza que outorgou este Parlamento á EGAEX, o pasado 22 de Nadal. Pero, inmediatamente, debo lembrar que esta Estratexia eleva o grao de responsabilidade do Goberno galego no seu conxunto, porque tamén implica liderar e estimular a coordinación, cooperación e colaboración cos restantes axentes e actores galegos que interveñen na promoción de Galicia no exterior. As nosas universidades, por exemplo, son axentes básicos nesta iniciativa, e con elas debemos afondar na implementación da EGAEX. O mesmo acontece cos concellos e deputacións, e con corporacións como as cámaras de comercio, industria e navegación, con diversos colexios profesionais, ou con institucións estatutarias como o Consello da Cultura Galega. Igualmente coas forzas sociais, sindicais e empresariais, e coa Eurorrexión, hoxe personificada e identificada co Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial, asentado en Vigo, que mantemos coa Rexión Norte de Portugal.

² <https://www.cultura.gal/es/nova/34526>



Cara ó Nadal deste ano 2018, a Xunta informará ao Parlamento da execución da EGAEX no seu primeiro período anual. Por economía procesual resultará axeitado facelo coa correspondente información das viaxes exteriores durante o segundo semestre. Desde xa, quero dicirles que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE está aberta a recibir, avaliar calquera suxestión de carácter estratéxico que axude a mellorar e actualizar a EGAEX, pensando sempre que a maioría dos vectores que inciden na Acción Exterior veñen condicionados pola comunidade internacional e por acontecementos foráneos que esixen flexibilidade e rápida adaptación aos cambios.

Moitas grazas.